

## **INFORMACIÓN PARA ENTREGAR DE TITORES DEN A FAMILIAS**

Específico para alumnado novo no centro.

Asinar ao final do documento e entregar soamente esa folla.

O portátil a entregar é propiedade da Xunta e xestionado polo servizo Premium de EDixgal. O centro xestiona a asignación e resolve dúbidas (por teléfono ou no enderezo [incidenciasticedixgal@iesdobarral.com](mailto:incidenciasticedixgal@iesdobarral.com)) pero non se responsabiliza do seu mal uso ou de danos ocasionados no portátil. Entrégase portátil con cargador, funda e caixa.

**A familia do alumnado debe asinar este documento informativo e tamén o documento de cesión.** Poderá usar o ordenador na aula e levalo para a casa para facer as tarefas encomendadas. Durante as primeiras semanas de clase o profesorado axudará ao alumnado a familiarizarse con esta nova ferramenta de traballo.

Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo. O ordenador **deberá devolverse ao rematar a ESO**, ou no caso de causar baixa no centro educativo antes de rematala, **en perfecto estado**, e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc. O profesorado e o/a coordinador/a E-DIXGAL do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de **constatar o seu estado**.

Vaise entregar un ordenador previamente usado por outro alumno/a. É posible que teña algún tipo de dano. Para evitar futuros problemas cando se entregue este equipo, é preciso que a familia faga fotos dende todos os ángulos ao ordenador e garde estas fotos ata o momento da súa entrega. Se a familia observa (e así aparece na foto) algún golpe ou similar, por leve que sexa, que remita as fotos ao servizo Premium para que conste este dano no equipo no momento da entrega. Desta forma non poderán esixir a reparación do equipo por ser un dano previo ao uso do estudante actual. O contacto do servizo Premium:



### **SERVIZO PREMIUM PARA INCIDENCIAS**

**Móbil** - 881 86 99 00

**WhatsApp** - 604 06 78 56

**Telegram** - @Serviciopremiumedixgal

**eMail** - soporte.premium@edu.xunta.gal


De luns a domingo, a calquera hora e **GRATUÍTO**

PÓDESE FACER UN SEGURO POR 49€ NO TLF **881 505 136**

Para que o centro teña constancia deste dano e da notificación por parte da familia a Premium, pídesse encarecidamente que tamén informe deste feito por escrito no **acordo de cesión** que se entrega co equipo ao inicio de curso. Este acordo de cesión é un documento que explica as condicións da entrega en préstamo do equipo, o nº de serie do ordenador e estado no cal se ofrece. **A familia deberá firmar este documento** para que o seu fillo/a use o equipo e poida transportalo ao seu domicilio cando o precise, para abordar as tarefas educativas durante o curso escolar. A familia **responsabilízase do equipo** e polo tanto, se o seu fillo/a ou incluso un compañeiro/a rompe algunha peza, esquina, lapis, pantalla ou demais aspectos físicos do ordenador, deberá reparar o equipo no servizo técnico oficial da marca do portátil. Dende a Xunta enviánnos este contacto de reparación para os equipos (servizo exclusivo para estas reparacións).

**sat.edixgal@plexus.es**

Existe un seguro exclusivo para os ordenadores EDixgal do cal pasamos contacto para poder estar máis tranquilo/a, posto que os accidentes ocorren e os custes das reparacións no servizo oficial tenden a ser caras. Hai seguros de fogar que contemplan tamén esta posibilidade pero deben asegurarse de que así sexa e figure na póliza para evitar futuras sorpresas. Información sobre o seguro:



### Quen é o responsable do portátil?

A responsabilidade do correcto coidado e do uso do equipo recae nos/as pais/ nais/titores/as legais, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña o dano de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía).

Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

O centro proporcionaralle o formulario de asunción de responsabilidade que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.

<p>Rotura de calquera compoñente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores ...)</p> <p>Rotura do cargador de alimentación</p>	<p>Roubo ou perda, tanto do portátil como do cargador de alimentación ou do lapis.</p> <p>Rotura do lapis ou da punta deste</p>
<p><b>O seguro cubre</b></p>	<p><b>O seguro non cubre</b></p>

## SEGURO OPCIONAL PARA O PORTÁTIL

Se así o desexa, pode contratar un **seguro anual** (válido dende setembro de 2022 ata agosto de 2023), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía. O custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído), e a súa contratación pode realizarse a través do número de teléfono 881 505 136.

Para contratar o seguro pedirán fotos do ordenador. O seguro cubre un ano académico e para mantelo debe renovarse cada setembro. Na renovación non fai falla achegar imaxes.

O portátil, a pesar de estar usado, conta con garantía que cubre aspectos relacionados co funcionamento. Por exemplo se un ordenador deixase de funcionar e non fose debido a un golpe ou entrada de líquidos (iso sería responsabilidade da familia) ou se o portátil tivese problemas de funcionamento lento (aspectos relacionados co software), daríamos parte ao servizo Premium para poder facer uso da garantía.

**O procedemento nestes casos de incidencias é o seguinte:**

1º. Dar aviso da incidencia ao titor. Comentará ao alumno/a que deixe o ordenador en corsexería (con copia de seguridade feita) para que a coordinadora poida resetear o equipo e comprobar se o problema queda solucionado. Pode tardar unha ou dúas mañás.

2º. En caso de que o reseteo non solucione o problema (ou que a incidencia non ten que ver co funcionamento do mesmo), a coordinadora chama ao servizo Premium para abrir incidencia formal do problema. A chamada pode facela a familia ou a coordinadora, todo en función da urxencia da incidencia.

3º. En caso de que o reseteo non solucione o problema, un técnico de Premium visita o centro e valora o dano. Recolle o equipo e posiblemente deixe outro en substitución para que o estudante use mentres tanto. Se o dano impide usar o ordenador durante esta espera (ata que veña o técnico), o centro ofrece un portátil mentres tanto, sempre que conte con stock de reposición no centro.

4º O equipo vai a fábrica. Se é un defecto que entra en garantía, repáranlo automaticamente para logo ser devolto ao estudante. Se o defecto non entra en garantía devólvese ao alumno o ordenador sen reparar. Informaremos á familia da vía pola cal pode reparar o equipo e esta reparación pode esperar a facela ata o último ano de uso do portátil, se non lle supón demasiado problema. En caso de desconformidade con esta valoración, a familia pode interpor queixa no servizo Premium.

5º O técnico volve ao centro a entregar o equipo reparado se entra por garantía ou sen reparar non caso de non entrar por garantía. Hai veces, cando o ordenador que se recolle averiado está en perfecto estado físico e o problema notificado entra por garantía, que o ordenador que Premium deixa en substitución no momento da recollida (paso 3) queda definitivamente para o uso do alumno ata o final da etapa educativa.

**→ É moi aconsellable que se fotografíe o ordenador do estudante antes da visita e recollida por parte do técnico. Tamén fotografiar o portátil que lle entregan en substitución e informar a Premium no caso de que teña danos visibles.**

**En canto ao uso normal do portátil, destacamos varios aspectos:**

- Conta con toda a información relativa ao programa na web. Enlace: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbarral/?q=node/1429>
- É preciso coñecer e ter claras as **normas de uso** que se encontran na web.
- Está prohibido traer o cargador ao centro (debido a roturas ou furtos que poden acontecer). Se o uso do portátil é adecuado a batería durará toda a mañá. En caso contrario poderá crear incidencia en Premium para valorar o estado da batería (por garantía). Na aula hai un carro de carga para casos excepcionais.
- Recomendamos que a familia faga un seguimento do uso que o seu fillo/a lle da ao ordenador. Estes equipos, a pesar de ter uns programas específicos, teñen conexión a internet sen restricións. É importante revisar con frecuencia o historial web.
- Todos os traballos e arquivos que se van gardando no ordenador deberán estar tamén pasados a Drive ou USB. Así evitaremos perder arquivos (é moi frecuente).
- O portátil pódese pedir en calquera momento por parte do centro ou técnico de Premium para tarefas de revisión e mantemento.
- Para o transporte do portátil é imprescindible usar maletín ou funda acolchada.

**Para entregar ao titor ou titora:**

**Declaro ter lido o presente documento informativo sobre o proxecto Edixgal e para que así conste asino:**

Nome do alumno/a \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

Nome do pai/nai/titor/a: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

Firma: